

## PRAXE E ACCIÓN. O PRAGMATISMO DE WILLIAM JAMES\*

Nieves López Agrasar  
*Universidade de Santiago de Compostela*

### Resumen

Haciendo un breve análisis histórico del dualismo teoría-praxis, con especial atención a su génesis, y posterior cuestionamiento por el socialismo y el existencialismo, se examinará de qué modo el pragmatismo clásico intenta solventar el dualismo, concediendo primacía al concepto de acción. La conciliación de teoría y praxis a través de la aplicación de la máxima pragmática, otorgó a la acción un papel relevante en la conformación de nuestras ideas y creencias en esta corriente de pensamiento.

Es William James, más que Peirce, el que llevó hasta sus últimas consecuencias la dimensión activa de los sujetos humanos. Pragmatismo se concibe en William James como sinónimo de acción. La acción es la protagonista de su humanismo pero también de su concepción de la verdad. La verdad concebida como satisfacción y utilidad, debe ser entendida desde un esfuerzo por realizar una síntesis entre los ámbitos de la razón (teórica y práctica para Kant) y las dimensiones del saber (teórica, práctica y poiética para Aristóteles).

*Palabras clave:* acción, experiencia, pragmatismo, humanismo, verdad.

### Abstract

A brief historic analysis of the dualism theory-praxis is made in this paper, paying attention to the genesis of this dualism. Socialism, Existencialism, and Classic Pragmatism try to solve this dualism, Pragmatism with the notion of action. The pragmatic maxim was applied to reconcile theory and praxis. This feature conferred a relevant role to the action in the formation of our ideas and believes.

---

*Recibido: 30/10/07. Aceptado: 27/11/07.*

\* Este trabajo realizase no marco do proxecto de investigación “La justificación del conocimiento en las ciencias formales y empíricas” (HUM2006-04955/FISO) do Ministerio de Educación e Ciencia.

William James, better than Peirce, carried the active dimension of human beings to its logical conclusions. William James considered Pragmatism as synonym of action. Action is relevant in his Humanism and in his conception of truth as well. James' truth as satisfaction and utility has to be understood as a synthesis between scopes of reason (theoric and practical for Kant) and dimensions of knowledge (theoric, practical and poetic for Aristotle).

*Keywords:* action, experience, Pragmatism, Humanism, truth.

A división tripartita das ciencias na que Aristóteles clasificou o saber (ciencias teóricas, prácticas e poiéticas) concedeu ao concepto “praxe” un significado especial e case técnico. Aristóteles continúa usando a expresión en sentido xeral para referirse a diversas actividades vitais, pero tamén usa “praxe” para designar un dos modos de vida accesibles ao home libre e para designar as ciencias e as artes que versan sobre as actividades características da dimensión ética e política do home. Esta especificación é a orixe da escisión de dúas esferas que ata o século XIX non verán a súa conciliación, teoría e praxe. Hai para o estaxirita un *eido da especulación*, do pensamento, que describe a esencia das cousas, (a Filosofía, a Física e as Matemáticas pertencerían a este grupo, o das Ciencias Teóricas), e un *ámbito do facer*, da actividade e a creación, relacionado coa produción, o das Ciencias Poiéticas, dentro das cales estarían a poesía, a retórica, a arquitectura ou a zapatería. Entre ámbalas dúas unhas Ciencias Prácticas tratan da conduta humana e das súas accións: son a Ética e a Política.

As ciencias teóricas ocupábanse do “saber polo saber” ou da busca da verdade mediante a contemplación intelectual, mentres que as outras, ben fosen as prácticas, guiadas pola prudencia, ou as poiéticas, orientadas á produción, ocupábanse das diversas formas na que os seres humanos actúan no mundo.

Aínda que en Aristóteles é a experiencia a orixe do coñecemento, e tanto o coñecemento práctico como o teórico xorden desa experiencia, o aristotelismo encargouse de escindir os ámbitos da teoría ou especulación, dos da acción, outorgando máis prestixio aos primeiros.

Esta escisión de ámbitos e obxectos do saber estaba apoiada nunha *teoría do coñecemento* que, no caso do estaxirita, consistía nun suxeito que pasivamente recibía as determinacións que lle daba o obxecto a través da percepción sensible.

Hai que esperar ao *xiro copernicano* que Immanuel Kant imprime no eido do coñecemento, para que o modelo cognoscitivo do estaxirita perda a súa vixencia. O suxeito kantiano é activo na relación co obxecto, non un mero espello da natureza. Mais son as filosofías postkantianas as

que radicalizarán esta idea, subliñando o concepto de *vontade*, caso dun Schopenhauer que tanto inflúe en William James, ou da liberdade fichteana do eu. De Kierkegaard ata Sartre o existencialismo acentúa a natureza práxica do ser humano. Marx insistirá na “miseria” do especulativo para dar conta do ámbito do actuar. Non hai pensamento sen acción, a filosofía non debe limitarse a interpretar o mundo de diversas maneiras, trátase de transformalo, dinos na tese XI sobre Feuerbach.

O pragmatismo americano, trinta anos despois de Marx, vai tratar de diluir a separación teoría-praxe, xa non, como no caso do filósofo comunista, a través do deseño dun programa de transformación social do modelo económico capitalista, senón a través da profundización do modo en que concibimos as nosas crenzas e ideas.

Coinciden en:

1º Unha teoría epistemolóxica na que a relación suxeito-objeto debe ser reformulada.

2º Cuestionan o “mito do dado” (Sellars), a idea de que podemos distinguir taxantemente o que nos é dado inmediatamente no coñecemento do que é construído, inferido ou interpretado por nós.

3º Dificultade para separar valor de feito. A realidade que coñecemos e con que nos atopamos está condicionada polas “formas de vida” nas institucións sociais.

4º As dúas defenden un certo Humanismo, aínda que a súa concepción difira notablemente.

5º Marxismo e Pragmatismo poñen o acento nas posibilidades abertas pola nosa acción cara ao futuro.

Charles S. Peirce foi o primeiro en desenrolar o principio que dará lugar ao nacemento do pragmatismo. É o propio William James o que lle outorga a paternidade no artigo “Conceptos filosóficos e resultados prácticos” (1898), ademais de en *Pragmatismo* (1906-1907), sinalando ao artigo de Charles S. Peirce, “Cómo esclarecer as nosas ideas” (1878), como aquel no que se explicita o principio do “pragmatismo”, aínda que Peirce non utiliza ese termo en dito traballo<sup>1</sup>. A máxima pragmática enunciada por Peirce foi exposta do seguinte xeito:

---

<sup>1</sup> Aínda así James concédelle tamén a paternidade do termo “pragmatismo” a Peirce, froito das conversas que mantiñan no autodenominado *Clube Metafísico* de Boston, a principios da década de 1870. Cfr. W. James, “Conceptos filosóficos y resultados prácticos” en P. Kurtz, *Filosofía norteamericana en el siglo veinte*, México, FCE, 1972, p. 115.

Consideremos qué efectos, que podan ter concebiblemente repercusións prácticas, concibimos que ten o obxecto da nosa concepción. A nosa concepción destes efectos é pois o todo da nosa concepción.<sup>2</sup>

O pragmatismo tería logrado dar un paso máis no proxecto kantiano, concedendo un protagonismo axeitado ao suxeito na relación cognoscitiva, pero sen asumir que existan dous usos da razón distintos, un teórico e outro práctico, pois a especulación e a praxe son dúas caras da mesma moeda, non existe “o saber polo saber”, e toda crenza ou idea implica unha futura aplicación ou actuación mundana. O mesmo Peirce asumiu a débeda kantiana, acuñando a súa doutrina cun termo sacado dos escritos do filósofo de Königsberg. “Pragmatismo” debía entenderse, como na *Crítica da Razón Pura*, no sentido de uso hipotético da razón, e non debía confundirse con “práctico”, que se relacionaba cos principios categóricos<sup>3</sup>.

Nada nesta máxima de Peirce implica que deba entenderse polos obxectos da nosa concepción aqueles restrinxidos ao ámbito científico, verificables e manipulables polos seus métodos. O que Peirce enunciara era un criterio de clarificación conceptual xeral, unha máxima que delimitaba a significación dos termos. A lectura extensiva que William James estaba facendo da súa máxima aplicándoa a todo concepto (“substancia”, “o un e o múltiple”, “verdade”), non só aos constatables empiricamente, provocou que Peirce rebautizara a súa proposta co nome de “pragmaticismo”<sup>4</sup> nos artigos nos que se distancia do resto de pragmatistas.

Tampouco estaba implícito que non puidera facerse unha lectura individualista desa máxima. O concepto non garante de por si a comunidade de significados.

Por todo elo, a lectura que William James fixo da máxima pragmática de Peirce (individualista, humanista e aplicable a conceptos metateóricos) non parece inaxeitada *a priori*.

Nótese que malia que o pragmatismo de Peirce consegue superar a escisión secular entre teoría e praxe, a duras penas logra culminar a escisión tripartita do saber aristotélico. A aplicación da máxima exclusivamente a conceptos do ámbito científico, deixa ás Ciencias Teóricas (Filosofía, Física e Matemáticas) como as únicas susceptibles de dar unha axeitada

---

<sup>2</sup> C. S. Peirce, “Cómo esclarecer nuestras ideas”, *El hombre, un signo*, Barcelona, Crítica, 1988, p. 210.

<sup>3</sup> C. S. Peirce, *C.P.*, 5.413.

<sup>4</sup> Véxase “Temas de pragmaticismo” en C. S. Peirce, *C.P.*, 5.438.

clarificación conceptual, impedindo o diálogo entre todo saber, tamén con aquel de natureza práctica. O seu proxecto quédase a medio camiño na radicalización dos seus postulados.

William James non fará caso á distinción kantiana entre “pragmatismo” e “práctico”. “Pragmatismo” deriva para el do vocablo grego *πράγμα*, que significa “acción”, e da que proceden as nosas palabras “práctica” e “práctico”<sup>5</sup>. De feito sempre criticou aos seus críticos que non consideraran a variedade de usos e a folgura da palabra “práctico”<sup>6</sup>. Así entendido, o método pragmático esixe para James

[...] extraer de cada palabra o seu valor práctico en efectivo; debemos poñela a funcionar dentro da corrente da nosa experiencia. Entón, deixa de parecer unha solución e se parece máis a un programa para seguir traballando máis adiante, ou máis exactamente, a una indicación dos modos en que poden cambiarse as realidades existentes.<sup>7</sup>

Cada palabra, e non só os vocablos científicos, debe ser examinada e clarificada a través do método pragmático, dinos agora James. Para dar conta do seu valor práctico, o suxeito debe mergullarse na experiencia, como no río heracliteo, o que esixe del unha actividade máis aguda dentro dun fluxo sensacional en continuo cambio. Este é o xeito no que concibe a experiencia, e é sobre a experiencia onde descansa a pluralidade do existente.

Na súa doutrina do “empirismo radical” deseñada como a explicitación da súa “cosmovisión”, a experiencia deixa de ser concibida ao modo atómico e disxuntivo do empirismo clásico, para empezar a considerar que existen relacións conxuntivas entre as percepcións, que outorgan unidade ao conxunto ontolóxico plural. Esíxese do suxeito unha participación activa no proceso cognoscitivo, posto que é el o que realiza relacións dentro dunha realidade múltiple. Pero tamén porque se espera que o coñecemento non sexa puramente especulativo, o “saber polo saber” aristotélico, senón que implique cambios na realidade existente. Concibir equivale en James a ter un “instrumento teleolóxico”<sup>8</sup> co que actuar no mundo, e non, como para Peirce, relativo a acentuar o valor que a semiose ten nos seres humanos. A intencionalidade coa que as persoas guiamos as nosas accións sempre está orientada a fins, iso aprendeuno James do mestre de

<sup>5</sup> W. James, *Pragmatismo*, Madrid, Alianza Editorial, 2000, p. 80.

<sup>6</sup> *Ibidem*, p. 238.

<sup>7</sup> *Ibidem*, p. 84.

<sup>8</sup> W. James, *Principios de Psicología*, México, FCE, 1989, pp. 827.

Husserl, Franz Brentano. O suxeito sempre se dirixe interesadamente ao obxecto, e por elo convén valorar a “utilidade” da súa concepción, foi a lectura jamesiana.

Obsérvase que a radicalización da acción que a proposta de James demanda do suxeito humano leva consigo a que valore tódalas aproximacións que estes realicen do obxecto, non só as que realice a comunidade científica, ao modo de Peirce. Véxase isto no seguinte exemplo:

Supoñamos que catro homes fan un percorrido por Europa. Un regresará a casa unicamente con impresións pintorescas: vestidos e cores, parques, paisaxes, traballos de arquitectura, cadros e estatuas. Todo isto, para outro, terá sido menos que inexistente; para el, distancias e prezos, poboacións e sistemas de desagüe, chapas de portas e fiestras e outros elementos estatísticos serán capitais. Ao terceiro chamáronlle a atención os teatros, restaurantes e bailes públicos, e só iso; en tanto que o cuarto que estivo profundamente metido nas súas meditacións subxectivas, apenas poderá dicir uns cantos nomes dos lugares onde estivo. Cada un deles escolleu, de entre a masa de obxectos vistos, aqueles que estiveron máis acordes co seu particular interese, e deles nutriuse a súa experiencia.<sup>9</sup>

Os catro homes ven as mesmas cousas, pero seleccionan de entre tódolos obxectos só aqueles que responden aos seus intereses particulares. A proposta de James neste sentido supón unha democratización do proceso cognoscitivo. Na reconstrución do obxecto participa o turista ocasional, o fontaneiro, o amante do ocio, e o especulador ensimesmado, todos de modos distintos, segundo os seus intereses, pero todos son igualmente tomados en conta á hora de reconstruír o obxecto do coñecemento. James non privilexia ningunha visión por riba doutra, dando forma a que “o todo da concepción será o conxunto dos seus efectos prácticos”. O obxecto escórzase segundo as múltiples perspectivas nas que pode darse. O perspectivismo pragmático dará conta de tódolos modos de darse do obxecto, sen desprezar ningún, sen privilexiar ningún. Un único consello nos dá James:

Asegúrate de que nas circunstancias en que te atopas atendas a aquelas que sexan as indicadas para o teu propósito. Escoller as indicadas é a medida do home.<sup>10</sup>

É o ser humano o que, inmerso nas súas circunstancias, debe valorar a máis axeitada, o que debe ser a súa propia medida. O pragmatismo de James converteuse nunha sorte de “*humanismo*”, ata o punto de que dubida se cambiar o nome da súa concepción por aquel, ao modo de F.

<sup>9</sup> *Ibidem*, pp. 229-230.

<sup>10</sup> *Ibidem*, p. 827.

Schiller e John Dewey. O ser humano é actor e parte á vez desa experiencia heraclitea na que todo flúe. Axuda a enriquecer a realidade, e tamén crea realidade. A ontoloxía de James devén plástica, aberta ás determinacións que o suxeito lle dé, todo espontaneidade romántica e valentía. O mundo que describía o positivismo decimonónico era materialista e deprimente: nel o ser humano xoga un papel pasivo, mero asimilador das leis da natureza, espectador nun mundo realizado e rematado. O suxeito jamesiano non se conforma con ese rol:

En canto a min, non podo evitar a consideración, que se me impón a cada paso, de que o coñecedor non é un simple espello que flota sen apoio algún e que reflexa pasivamente unha orde que lle xurde e atopa dada sen máis. O coñecedor é un actor, coautor, por un lado, da verdade, a tempo que, por outro, rexistra a verdade que el axuda a crear. Os intereses da mente, as hipóteses, os postulados, na medida en que serven de base para a acción humana –acción que, en grande maneira, transforma o mundo-, axudan a facer a verdade que eles mesmos declaran. Noutras palabras, hai unha espontaneidade, un voto, que é patrimonio da mente desde o seu nacemento. Participa do xogo, e non é un mero espectador<sup>11</sup>.

Humanismo e verdade danse a man dentro dunha proposta que rexeita a existencia dunha Verdade única e rematada, patrimonio das ciencias naturais ou das filosofías absolutistas que tanto odiou. A actividade do ser humano esténdese por todas partes, pois cal serpe, é posible percibir a súa pegada en todas as partes. É o ser humano o que dá estabilidade ao caos perceptivo froito dunha experiencia en continuo fluxo. E faino grazas a unha conciencia que é tamén torrente, inmersa nesa experiencia cambiante. O suxeito non deixa de ser unha parte desa experiencia da que están compostas todas as cousas. Suxeito e obxecto deixan de ser os dous polos opostos que eran na relación cognoscitiva da epistemoloxía moderna, para ser dous momentos só separables no exame analítico da experiencia. A conciencia, erixida por Descartes en primeiro principio, aquela verdade auto-evidente da que se derivaba o resto de verdades, pasa a un modesto papel como “función” cognoscitiva que tende e se dirixe cara ao obxecto. O dualismo suxeito-obxecto, ao igual que o de teoría-praxe queda superado a través da acentuación da categoría da acción. E neste sentido a concepción da verdade xoga un papel relevante na súa proposta pragmática; pois non hai que esquecer que para James o campo do pragmatismo non só era ser un método, senón tamén unha teoría xenética da verdade<sup>12</sup>.

<sup>11</sup> W. James, “Remarks on Spencer’s Definition of Mind as correspondence”, *Collected Essays and Reviews*, New York, Russell & Russell, 1969, p. 67.

<sup>12</sup> W. James, *Pragmatismo*, *op. cit.*, p. 92.

A primeira afirmación que choca en James coa concepción secular da verdade é que esta non está dada, non existe *a priori*, fóra do propio curso da experiencia. “A verdade –dinos en *Pragmatismo– faise no curso da experiencia*”<sup>13</sup>. Se esta experiencia é dúctil e múltiple, en constante cambio, aberta e inconclusa, a verdade non pode ser xa concibida ao modo dos racionalistas, é dicir, unha e transcendente. Para James non existe “A Verdade”, senón *as verdades* concibidas do modo dinámico, progresivo e aberto que esixe unha aproximación que outorga un papel tan activo ao suxeito humano. A experiencia previa ensinounos que, tamén nas verdades da ciencia, é a experiencia futura a que confire a súa validez, e no día a día conformarémonos con conceder como verdadeiras teorías ou hipóteses que mañá consideraranse falsas<sup>14</sup>. O actuar humano demanda que o produto da súa acción sexa verificable no futuro, e non no pasado. O pragmatismo, e máis que ningún o jamesiano, pon o acento na proxección da praxe humana, máis que na retrospección, no futuro e nas posibilidades da acción, máis que no pasado.

O pragmatismo de Peirce non escapa doadamente a esta crítica que James lanza ao modo en que os absolutistas concibían a verdade. Naquel a verdade é entendida como o produto final das actividades e o diálogo que comunidades científicas establecen para dar conta da descrición axeitada da realidade. A verdade é única, como a realidade, aínda que tamén futura. James destrúe este modo de entender a verdade subliñando por un lado o seu carácter utilitario, por outro a súa relación coa satisfacción humana. Moitos non entenderon unha noción da verdade que consideraban rea do “todo vale” e que daba cancha a un subxectivismo extremo no produto da relación cognoscitiva.

---

<sup>13</sup> *Ibidem*, p. 182.

<sup>14</sup> “O “absolutamente” verdadeiro, comprendido como o que ningunha experiencia posterior alterará nunca, é ese punto de fuga ideal cara o cal imaxinamos que algún día converxerán tódalas nosas verdades temporais. Equivale integramente ao home perfectamente sabio e á experiencia absolutamente completa; e se estes ideais realízanse algún día, farano todos á vez. Entretanto temos que vivir ao día de hoxe con arreglo á verdade que podemos obter ao día de hoxe, e estar dispostos a chamala falsedade ao día de mañán. A astronomía ptolemaica, o espacio euclidiano, a lóxica aristotélica, a metafísica escolástica foron convenientes durante séculos, pero a experiencia humana rebosou aqueles límites, e agora só consideramos a esas cousas relativamente verdadeiras, ou verdades dentro daquelas marxes de experiencia. Consideradas “absolutamente” son falsas, porque sabemos que aqueles límites eran causais, e que poderían ter sido superados por teóricos daquel tempo igual que o fixeron os pensadores actuais”. *Ibidem*, pp. 184-185.

A unión entre *satisfacción e verdade* non implica que todo o que nos satisfaga se converta en verdadeiro automaticamente. A verdade non pode ser allea a súa *verificabilidade*, non se inventa a realidade; esta resístese a lecturas particulares e parciais. A entrada da “satisfacción” no ámbito da verdade resalta a actividade do ser humano na relación cognoscitiva, como oposición ás lecturas obxectivas e inhumanas dos seus críticos. Así mesmo fai despuntar o carácter práxico da actividade cognoscitiva, unha consecuencia lóxica do seu pragmatismo. A adquisición de verdades non pode ser deslindada da súa aplicación; elo implicaría situar á verdade nun ámbito de seu, o ámbito teórico da tradición aristotélica, sen conexión cos outros ámbitos do saber. Pero as verdades son importantes, recalca James, pola súa conveniencia, porque teñen aplicación no mundo, porque nos satisfan na práctica. Prodúcese unha conexión máis lograda entre teoría e praxe do que a análise peirceana conseguira. Esa unión entre pensamento e acción, entre verdade e satisfacción queda clara coa súa asimilación da verdade (o obxecto de reflexión do pensamento, o ámbito teórico) á bondade (o obxecto de reflexión da ética, o ámbito práctico). Dinos que

“O verdadeiro”, para dicilo moi brevemente, non é máis que o conveniente en relación co noso pensamento, así como “o bo” non es máis que o conveniente en relación co noso comportamento.<sup>15</sup>

Os ámbitos que na reflexión dos pensadores presocráticos estiveron unidos (o verdadeiro, a bondade e o belo), e que Aristóteles separou, volven a reconciliarse.

Pero queda, para romper o esquema triádico do saber aristotélico, atopar unha forma na que verdade (teoría) e satisfacción (práctica) danse a man coa técnica, cos produtos humanos. James atópaa incidindo na idea de utilidade das verdades. As verdades deben ser útiles, deben servir para xerar produtos.

Con esta proposta William James logra conciliar as dimensións do saber e da razón, non só porque consegue solventar o dualismo teoría-praxe, isto faino tamén Peirce, senón porque realiza un enorme esforzo por superar a división das ciencias que se arrastraba desde Aristóteles.

Ademais, esta lectura da verdade permite entender a conexión que o ámbito subxectivo ten na creación das verdades e que a antiga concepción da verdade non podía explicar. En calquera investigación, tamén na

---

<sup>15</sup> *Ibidem*, p. 184.

científica, é difícil deslindar os feitos dos valores, e elo porque os intereses motivan as indagacións en tódolos ámbitos.

### A modo de conclusión

A conciliación de teoría e praxe, dous aspectos que a tradición filosófica entendía como oposición, a través da aplicación da máxima pragmática, dou á acción un papel relevante na conformación das nosas ideas e crenzas no pragmatismo americano.

É William James, máis que Peirce, o que levou ata as súas últimas consecuencias a dimensión activa dos suxeitos humanos. Estes están inmersos nunha experiencia suxeita a continuo cambio, co que son eles os que dotan de estabilidade ao conxunto.

Pragmatismo concíbese como sinónimo de acción, e como aplicable a tódolos produtos prácticos. A acción é a protagonista do seu humanismo, pero tamén da súa concepción da verdade. A verdade concibida como satisfacción e utilidade, debe ser entendida desde un esforzo por realizar unha síntese entre os ámbitos da razón (teórica e práctica para Kant) e as dimensións do saber (teórica, práctica e poiética para Aristóteles), baixo o protagonismo de tódolos suxeitos humanos, non só duns poucos, creativamente no proceso de determinación e indeterminación dunha realidade non dada para sempre, senón en continua transformación.

O conxunto final resulta dunha enorme dimensión ética e moral, abrindo unha visión esperanzadora no futuro, e crente nas posibilidades da acción.

### Bibliografía

- A. M. Faerna, *Introducción a la teoría pragmatista del conocimiento*, Madrid, Siglo XXI, 1996.
- W. James, *Collected Essays and Reviews*, New York, Russell & Russell, 1969.
- W. James, *Essays in Radical Empiricism*, University of Nebraska Press, 1996.
- W. James, *Pragmatismo*, Madrid, Alianza Editorial, 2000.
- W. James, *Principios de Psicología*, México, FCE, 1989, (1ª reimp., 1994). Traducción de Agustín de Bárcena.

- W. James, *The Principles of Psychology*, Chicago, Encyclopaedia Britannica Inc., 1952. Twenty-sixth printing, 1984.
- W. James, *Writings 1878-1899*, New York, The Library of America, 1984.
- W. James, *Writings 1902-1910*, New York, The Library of America, 1987.
- P. Kurtz, *Filosofía norteamericana en el siglo veinte*, México, FCE, 1972.
- C. S. Peirce, *Collected Papers of Charles Sanders Peirce (C.P.)*, Cambridge (Mass.), The Belknap Press of Harvard University Press, 1931-1958, 8 vols. Third Printing, 1979.
- C.S. Peirce, *El hombre, un signo*, Barcelona, Crítica, 1988.